

Unha celebración do libro galego

07.05.2016

VITALIDADE Durante moitos anos os principais actores do sector do libro galego fixeron as súas festas por separado. Por unha banda escritores e escritoras –convocados pola AELG–; por outra, os editores –na coñecida como Noite da Edición–, e finalmente as libreiras e libreiros, que tamén convocaban o seu correspondente premio para escolleren os libros galegos do ano. Desta volta, e nun xesto inédito no noso panorama cultural polo que ten de solidario e cooperativo, escritores, editores e libreiros veñen de unir os seus esforzos baixo o paraugas da I Gala do Libro Galego, que se celebrará no Teatro Principal de Santiago de Compostela o vindeiro 14 de maio. Tal festexo vai canalizar nun único sentido os esforzos de producción e difusión do evento e permitirá, ademais, capitalizar a atención do público, dispersa até o de hoxe nos tres devanditos premios. É por iso que 2016 vai marcar, sen dúbida, un fito na difusión da industria editorial galega, sometida coma o resto das industrias culturais a importantes retos e ameazas. A actitude amosada polos organizadores desta I Gala do Libro Galego é, porén, un motivo de esperanza e un indicador de vitalidade.